



CIG

Boletín
Sindical


Nº 87 - 2025

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

Por unha Galiza ceibe e sen explotación!

A Confederación Intersindical Galega (CIG) chama a participar nas mobilizacións e nos actos que o conxunto do nacionalismo galego ten convocados para o 25 de Xullo, Día da Patria Galega.



Afrontamos este 25 de Xullo nunha crítica situación internacional marcada pola guerra, o crecemento do gasto militar e o xenocidio do pobo palestino. Unha realidade agravada pola ofensiva do capitalismo neoliberal que busca reforzar a explotación de clase e a dominación colonial dos pobos e das nacións.

É por isto que hoxe, máis ca nunca, é necesario o respecto á soberanía económica e política dos pobos e das nacións, porque é inaprazábel a construción dun mundo asentado na xustiza, na solidariedade, na cooperación, na igualdade e na paz.

Galiza é unha nación sen estado, negada dos seus dereitos nacionais. A CIG somos o sindicato maioritario da clase traballadora galega, dunha nación oprimida, co galego como lingua propia en estado de emerxencia crítica. Polo tanto, somos a expresión da capacidade de autorganización do pobo galego como vía para decidir por nós mesmos o noso futuro como clase e como nación.

A nosas reivindicacións dunhas mellores condicións de vida e da necesidade

de avanzar na igualdade e no benestar da clase traballadora están directamente relacionadas coa capacidade de poder decidir do pobo galego.

Queremos decidir sobre o noso modelo económico e social para poder aplicar un conxunto de políticas públicas que concentren todos os recursos en favor das maiorías sociais,

**Necesitamos soberanía
e autogoberno real para
aproveitar os moitos
recursos que temos
dispoñíbeis no noso país.**

como único xeito de ter emprego, salarios e ingresos dignos, garantindo unha protección social plena, sen exclusións, consolidando o respecto polos dereitos laborais e a mellora das condicións de traballo.

Necesitamos soberanía e autogoberno real para aproveitar os

moitos recursos que temos dispoñíbeis no noso país (produción de enerxía, recursos minerais, riqueza forestal, actividade de produción e transformación nos sectores agrario e pesqueiro, etc.) e poñelos ao servizo da creación de emprego digno, para completar os ciclos produtivos no propio país, aumentar o valor engadido en sectores básicos da nosa economía e diversificar as nosas capacidades produtivas e industriais, procurando un mellor equilibrio territorial e ambiental, garantindo unha rendibilidade social e non privada e evitando a destrución de emprego e a emigración.

Por iso, hoxe máis ca nunca, reivindicar o dereito a decidir é vital para facerlle fronte xusta e democraticamente a toda esta situación, dispoñendo así dunha alternativa que faga viábel un futuro no que poder vivir e traballar dignamente na nosa Terra e na nosa lingua.

Este vindeiro 25 de Xullo, Día da Patria Galega, participa e acude a Santiago de Compostela.

Cómpre intensificar a loita na negociación colectiva para poder acadar convenios dignos

Sen organización e conflito non hai posibilidade de avanzar en dereitos e mellorar as condicións de traballo. Neste camiño, a negociación colectiva convértese nunha das ferramentas máis efectivas que ten a clase obreira fronte á patronal e a folga no eficaz instrumento para conseguir melloras salariais e laborais reais.

No actual contexto de carestía e extensión da precariedade, loitar por uns convenios colectivos dignos debe ser a consigna a aplicar. Sábeno ben as traballadoras das residencias privadas da terceira idade e centros de día que levan seis xornadas de folga e incontábeis accións de protesta en resposta ás pretensións da patronal de deixar as táboas do convenio por debaixo do SMI e non introducir ningunha mellora na xornada nin nas coberturas das baixas.

Na súa loita pola dignificación coinciden coas compañeiras dos atomizados Servizos de Axuda no Fogar, nos que a conflitividade agroma a diario polas pésimas condicións laborais e o bloqueo da negociación para renovación do convenio galego, dende hai anos.

A aposta pola mobilización é tamén o camiño elixido polas traballadoras e traballadores do comercio de alimentación da provincia de Ourense, que o pasado mes de maio fixeron historia ao convocaren por primeira vez folga no sector. A esta exitosa xornada seguíronlle dous días máis de folga en xuño nos que se conseguiu paralizar a actividade das principais empresas (Gadis, Froiz e Cuevas) e sacar ás rúas a milleiros de persoas que clamaron por unha mellora substancial das súas condicións laborais.

Outro sector que está en loita é a limpeza da Coruña. Armadas coas súas características fregonas amarelas e logo dun ano de negociación sen avances, as traballadoras acordaron retomar as accións de protesta ante o inmovilismo da patronal estatal ASPEL, que se nega sequera a garantir subas salariais acordadas ao IPC.



Non é casual que a conflitividade ferva nestes sectores altamente feminizados, precarizados e con escaso recoñecemento social. As traballadoras están fartas de soportar condicións de escravitude e salarios de miseria e, no caso dos coidados, cheas de aturar que as administracións públicas (responsábeis de prestar uns servizos de calidade) se desentendan das súas obrigas, privatizando os servizos, consolidando a precariedade e a pobreza, mentres grandes grupos empresariais engrosan a conta de beneficios.

Diversidade de sectores

Pero a conflitividade esténdese por todo o país e nos sectores máis maltratados, como o das panadarías de Lugo. O persoal deu comezo a unha campaña de mobilizacións para reclamar melloras salariais e laborais reais nun convenio con baixos soldos, que ten unha das xornadas anuais máis desfasadas e un alto grao de penosidade polos seus horarios.

Neste contexto, a patronal trasladou unha oferta de miseria que suporía deixar os soldos moi por debaixo do SMI e ningunha mellora laboral. En resposta, as protestas iniciadas na cidade de Lugo estanse intensificando e estendendo ao resto da provincia.

Pola súa banda, o persoal do siderometal de Ourense estase mobilizando dende o mes de maio para reclamar un convenio colectivo digno cunha suba salarial que compense a perda de poder adquisitivo e unha redución

de xornada. Da patronal continuar co seu inmovilismo, as protestas, lideradas pola CIG, irán en aumento.

Marco galego

No IX Congreso Confederal, a CIG comprometeuse a redobrar esforzos para construír un Marco Galego de Relacións Laborais con plenas competencias lexislativas, e un modelo galego de negociación colectiva que combata a precariedade e a pobreza laboral. A modificación lexislativa que prioriza os convenios ou acordos interprofesionais autonómicos sobre o marco estatal constitúe unha oportunidade para facer efectiva esta reivindicación histórica.

Con este obxectivo, as federacións de Industria e de Construción e Madeíra da CIG (como forza sindical maioritaria) puxeron en marcha campañas de presión para instar as respectivas patronais a avaliar a posibilidade de negociar convenios galegos para o sector de siderometal e da construción, que permitan superar as limitacións impostas polo marco estatal, melloren as condicións de traballo e blinden os convenios provinciais ante os ataques da patronal española.

A resposta das asociacións patronais foi común en ambos os sectores: rexeitar esta posibilidade. Ante esta postura, a CIG continuará coa campaña de mobilizacións e, no caso da construción, a asemblea de delegados e delegadas xa avanzou a convocatoria de folga no sector para despois do verán se a patronal teima na súa negativa.



As asembleas comarcais da CIG renovaron as Executivas e elixiron as Secretarías

Tras o IX Congreso Confederal da CIG, que tivo lugar o pasado 24 de maio en Santiago de Compostela, a central sindical levou a cabo os procesos de renovación das distintas Unións Comarcais, nas que se produciu un importante relevo xeracional e remudaron as persoas á fronte das Secretarías en cinco das sete comarcas.

Ademais, por primeira vez, dúas mulleres pónense á fronte dunha Unión Comarcal da CIG: en Pontevedra e en Ourense. Deste xeito, só Alberto Gonçalves e Pepe Maio repiten nas Secretarías Comarcais de Vigo e Santiago, respectivamente; mentres que na Coruña, Pontevedra, Ferrol, Ourense e Lugo-A Mariña foron elixidas para ocupar o cargo as seguintes persoas: Óscar Calvo Varela, Diana Rodríguez Regueira, Xoán Xosé Galdo Regueira, Xulia González Pascual e Lois Neto López.

Durante as asembleas tamén se renovaron as Executivas comarcais e se elixiron as persoas representantes para o Consello Confederal, máximo órgano de dirección do sindicato entre congresos. En todos os procesos presentáronse candidaturas de consenso, tanto para a Secretaría como para a Executiva e o Consello Confederal, que recibiron o apoio maioritario das persoas delegadas.

Remuda nas Executivas

No caso de Vigo, a nova Executiva quedou conformada polas seguintes persoas: Alberto Gonçalves Herrero, Raquel Pérez Fernández, Ester Mariño Costales, Marta Gonzalo Correa, Ana Belén Lorenzo Álvarez, Beatriz Caamaño Rascado, Beatriz Rodríguez Méndez, Jesús Diz Gómez, Rafael Agras Suárez, Cristian Caamaño Fernández, Emilio Pérez Fernández e Xulio Vicente González.

Na Unión Comarcal da Coruña a Executiva ficou composta por Óscar Calvo Varela, María Xosé Corominas Tenreiro, Ernesto López Rei, Silvia



Mourelle Rilo, Patricia Cordo Ares, Armando Carril Casanova e Aida Vasques Varela.

A Executiva de Pontevedra está integrada por Diana Rodríguez Regueira, Aitor Maquieira Rodríguez, Francisco J. Dapena Varela, Soedade Fernández Silva, Marta Ferreiro Fernández, Ana Caneda Villanueva e José Blanco Pichel.

En Ferrol resultaron elixidas para a Executiva Xoán Xosé Galdo Regueira, Teresa Carballido Salgado, Beatriz Fernández González, Tatiana Maseda Rodríguez, Francisco Xabier Cartelle Pérez, Carlos García Seoane e Marcos Sánchez Branco.

A de Santiago-As Rías quedou composta por Pepe Maio Abeixón, Renato Núñez Da Silva, Lucía Freire Ces, Carme Romero Rodríguez, Manuel Severiano Pérez García, Eduardo Sebio Molguero, Mónica Rodríguez Fernández e Pablo Fragoso Dacosta.

En Ourense, a Executiva fórmala Xulia González Pascual, Óscar Núñez Álvarez, José Ramón Álvarez Dacoba, Juan Luis Fernández González, Inmaculada López Taboada, Rosa María Fernández Muñoz, Rubén Ramos Gestal e Ramón Porto Rodríguez.

Na UC de Lugo-A Mariña a composición da nova Executiva foi a seguinte: Lois Neto López, Asunción Castiñeira Fernández, Xorxe Caldeiro Díaz, Dulce

Neira Fraga, Antonio Niño Saavedra, Luzdivina Rebollal Juanes, Miguel Ángel Pérez Núñez, Beatriz López Valdés e Roberto Carballo López.

Intensificar a loita

No decurso das asembleas comarcais debatéronse e aprobáronse os Informes de Xestión das Executivas saíntes, nos que se analiza a situación socioeconómica e laboral, se reflicte o traballo sindical realizado nos últimos catro anos e os desafíos particulares que terá que afrontar a central en cada unha das bisbarras.

Todos os documentos coincidiron en destacar o espectacular medre en representatividade e afiliación rexistrado pola CIG, que hoxe é a primeira forza sindical no conxunto de Galiza por número de persoas delegadas e afiliadas, mais tamén por capacidade mobilizadora. Unha condición resultado do modelo sindical que practica a CIG de confrontación e contrapoder, afastado da concertación e do diálogo social.

Por iso, nas súas intervencións as secretarías e os secretarios comarcais chamaron a reforzar a organización, mellorar a acción sindical e intensificar a loita e a mobilización para conquistar dereitos e conseguir políticas alternativas ante os gobernos e a patronal.

Laura Arroxo, nova secretaria nacional da CIG-Ensino

O IX Congreso da CIG-Ensino, desenvolvido baixo o lema “A forza do compromiso”, elixiu a Laura Arroxo como secretaria nacional con 160 votos a favor, 0 nulos e 0 en branco, en substitución de Suso Bermello.

No proceso, celebrado o 7 de xuño en Compostela, tamén se escolleu a nova Executiva federal, que queda conformada por Laura Arroxo, Xosé Manuel Nogueira Rodríguez, Marta Ferreiro Fernández, Ana Rodiño Domínguez, Diego Boquete Sánchez, Henrique García Vázquez, Elena Añel Cabanelas, Xosé Anxo Terán Coesaña, Maruxa Martínez Nogueira e Montse Pernas Bellas. Así mesmo, no Congreso elixíronse as persoas para o Consello Confederal da CIG.

As e os delegados aprobaron o Informe de Xestión da Executiva saínte, que salienta o crecemento da afiliación nun 20%, o reforzo do papel hexemónico e referencial da CIG no ensino público non universitario, a



consolidación como 1ª forza no ámbito universitario e o medre espectacular en sectores como centros de menores, educación especial e infantil 0-3.

No relatorio de Acción Sindical defendeuse un sistema educativo público, laico, inclusivo e en galego, que fomenta o pensamento crítico e a identidade cultural. Entre outros, marcou como obxectivos loitar pola recuperación de dereitos laborais, por un marco galego de relacións laborais, e combater a precariedade e privatización. O Relatorio de

Organización reiterou o modelo combativo do sindicato, cunha estrutura descentralizada e comisións especializadas.

A nova secretaria nacional, Laura Arroxo, lembrou que o IX Congreso coincide coa celebración do 50 aniversario da creación do sindicalismo nacionalista no ensino e posicionou a CIG-Ensino como un “dique contra as políticas de recortes”, chamando á unidade do profesorado e da comunidade educativa para defender o ensino público, a igualdade e a lingua galega.

Marcos Conde, novo secretario nacional da CIG-Industria

O IV Congreso da CIG-Industria, celebrado o 27 de xuño baixo o lema “Somos industria. En Galiza: traballo, igualdade, dereitos e soberanía”, elixiu a Marcos Conde Farto como secretario nacional con 110 votos a favor, 1 nulo e 8 en branco, quen substitúe no cargo a Xoán Xosé Bouzas ‘Tupi’.

A nova Executiva federal elixida está composta por Marcos Conde Farto, Mercedes Domínguez Santomé,

Armando Carril Casanova, María Xosé García Gómez, Henrique Fernández Oliveira, Amanda Casais Pena, Heriberto Fernández Permuy, Raquel Pérez Fernández, Unai Donoso Rodríguez, Francisco Rei Grille, Antonio Cebey Giadás e César Rodríguez Martínez.

Durante o proceso debatéronse e aprobáronse o Informe de Xestión da Executiva saínte e os relatorios Base e de Organización. No primeiro destácase

a basta e diversa conflitividade vivida neste último período, no que a CIG consolidou a súa posición como 1ª forza sindical na industria, incrementando a súa representatividade.

O Relatorio Base definiu as alternativas da CIG e a acción a desenvolver para reverter a perda do peso no PIB da industria galega e a consecuente destrución de emprego, caída dos salarios e aumento da precariedade neste sector. No de Organización chámase a reforzar a presenza da CIG nos centros de traballo, ter máis capacidade de liderar as loitas e levar adiante o conflito, sendo capaces de formular alternativas e solucións.

Na intervención de clausura, Marcos Conde reivindicou competencias plenas para Galiza en materia industrial e un verdadeiro plan de reindustrialización galego que vincule produción e territorio, que peche ciclos produtivos dentro do país e que aumente o valor engadido da nosa produción.

